

TÍTULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS
Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia
Técnica de conservación activa dos bens pictóricos I
Departamento: Conservación e restauración de pintura

Obrigatoria da especialidade	Curso: 3º pintura	1º Cuadrimestre	3 ECTS
-------------------------------------	--------------------------	------------------------	---------------

Teórica
Araceli Torres Fernández
aracelitordes@edu.xunta.gal

Horario: 2 horas semanais
DESCRIPCIÓN DA MATERIA

- Estudo das alteracións, para establecer diagnoses e propostas de tratamento.
- Definición dos criterios de intervención aplicables.
- Metodoloxía e técnicas específicas de conservación-restauración.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X1	Contextualizar o ben cultural, entendendo o seu significado como testemuña documental para o seu respecto e transmisión.
X2	Coñecer e identificar a composición material do ben cultural e os procedementos e técnicas empregados na súa elaboración.
X3	Recoñecer e identificar as alteracións do ben cultural e as causas do seu deterioro para avaliar o estado de conservación.
X4	Determinar os exames ou análises precisos para avaliar os seus resultados.
X5	Determinar os criterios de intervención e decidir o tratamento de conservación máis axeitado.
X6	Acadar coñecementos críticos sobre a metodoloxía, estratexias de actuación, tratamentos e emprego de materiais para a conservación e restauración.
X7	Diseñar sistemas e tratamentos de conservación e restauración.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE DE PINTURA

EP1	Diagnosticar as alteracións dos bens pictóricos e dos seus materiais constitutivos mediante o seu exame, identificación, análise e valoración.
-----	--

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA

Relacionar os conceptos teóricos cos prácticos. Recoñecer e identificar as alteracións cos factores posibles de degradación.

Acadar os coñecementos necesarios para realizar unha proposta axeitada para as obras tratadas no taller.

Acadar os coñecementos necesarios para realizar un informe ou memoria que se adecúen ás obras tratadas no taller.

UNIDADES DIDÁCTICAS

Unidade	% no total da materia	Temporalización. Horas de aula e estudo autónomo
Compoñentes do cadro: soporte e pintura. Termos, técnicas, materiais e estratos da obra sobre tea.	10%	3+ 5 de aprendizaxe autónomo
Alteracións dos materiais e estratos compoñentes do cadro. Alteracións causadas polo envellecemento e polas técnicas incorrectas. Seguridade e precaucións no tratamento a realizar.	25%	9+ 7 de aprendizaxe autónomo
O proxecto e o informe.	10%	3+ 5 de aprendizaxe autónomo
Materiais e métodos das proteccións temporais na obra.	10%	4+ 3 de aprendizaxe autónomo
Tratamentos do soporte. Limpeza, tensado, eliminación de deformacións, reforzos, neutralización. Materiais e métodos.	17%	7+ 6 de aprendizaxe autónomo
Materiais e métodos de consolidación, fixado e eliminación de deformacións da capa de color.	10%	3+ 5 de aprendizaxe autónomo
Materiais e métodos de limpeza da capa de color e alixeiramento do verniz. Disolventes, emulsións e xeles.	10%	4+ 3 de aprendizaxe autónomo
Materiais e métodos de reintegración e proteccións.	5%	2+ 2 de aprendizaxe autónomo
Intervencións tradicionais.	3%	1+ 1 de aprendizaxe autónomo

PLANIFICACIÓN DOCENTE

Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Sesións expositivo-participativas	30		30
Estudo de casos, lecturas, debates e outras actividades	6	6	12

Aprendizaxe autónomo		33	33
Total	36	39	75

METODOLOXÍA DOCENTE	
Metodoloxía	Descrición
Sesións expositivo-participativas	Exposición das bases teóricas da materia (contidos básicos), sobre as que construír o traballo autónomo, utilizando as presentacións orais e outras ferramentas, como literatura científica e cuestións do alumnado. Faranse de modo presencial na aula.
Estudo de casos, lecturas, debates e outras actividades	Charlas abertas e comentario crítico (oral ou escrito) ou resumos a partir da lectura de artigos científicos, capítulos de libros, novas de prensa escrita/dixital, apuntamentos, etc., relacionados coas unidades didácticas. Os exercicios de comentario, reflexión e propostas de intervención serán realizados de forma individual ou cooperativa baixo indicación docente; outras actividades como visitas externas e traballos asociados a elas. As actividades orais realizaranse na aula e as actividades escritas serán entregadas en formato papel na aula ou .pdf a través da plataforma Moodle, a determinar pola docente.
Aprendizaxe autónomo	Estudo individual, utilizando diversas fontes (documentación aportada polo profesor, bibliografía, etc.) e xestionando a información.

SISTEMAS DE AVALIACIÓN		
Método	Criterios	% avaliación
Probas escritas (Presenciais ou telemáticas por Medio da plataforma Moodle)	Cualificación das probas: <ul style="list-style-type: none"> • Aplicación dos coñecementos adquiridos. • Rigor técnico e grao de aplicación de conceptos teóricos. • Corrección no desenvolvemento do exercicio. • Sintaxe e ortografía. • Presentación do exercicio. As probas deben axustarse ao tempo establecido para a súa realización.	60%
Traballo tutelado. Exercicios e casos	Calidade do traballo e dos resultados: rigor técnico; grao de aplicación dos conceptos teóricos e outros coñecementos adquiridos. Capacidade de reflexión e síntese para establecer conclusións. Claridade e eficacia na expresión e forma. Capacidade de estruturación. Sintaxe e ortografía nos traballos escritos. Asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos. Colaboración, participación e interese.	20%



	Puntualidade na entrega.	
Lectura e comentario textos	<p>Calidade do comentario, da presentación oral e/ou escrita (comentarios, reflexións, etc.): rigor técnico; grao de aplicación dos conceptos teóricos e outros coñecementos adquiridos.</p> <p>Capacidade de reflexión e síntese para establecer conclusións.</p> <p>Claridade e eficacia na expresión e forma. Capacidade de estruturación.</p> <p>Sintaxe e ortografía nos traballos escritos.</p> <p>Asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos.</p> <p>Colaboración, participación e interese.</p> <p>Puntualidade na entrega.</p>	10%
Observación sistemática	<p>Asistencia a clase e puntualidade (tanto na entrada como na saída).</p> <p>Participación, nas clases con compoñente teórico ou con outros elementos, como na exposición de debates e traballos propostos.</p> <p>Asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos.</p> <p>Responsabilidade no traballo e entrega nos prazos fixados.</p> <p>Calidade nos comentarios, traballos e probas.</p> <p>Capacidade de organización.</p> <p>Colaboración, participación e interese.</p>	10%
Total		100 %

OUTROS COMENTARIOS SOBRE A AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

A asistencia as aulas é obrigatoria e avaliarase o progreso do proceso de aprendizaxe.

Aqueles alumnos que non asistan as aulas serán cualificados na avaliación ordinaria por medio dunha proba escrita específica que será realizada no horario e día establecidos para esta materia na convocatoria ordinaria. A nota da materia será o resultado alcanzado en dita proba. En calquera caso deberán presentar os traballos individuais propostos ó longo do curso, con data e hora límite: una semana antes a hora de inicio do exame da convocatoria ordinaria.

Aqueles que asistan ás aulas parcialmente, perderán unha parte do valor total da avaliación, ate un 10%, correspondendo á observación sistemática (falta de asistencia ás clases teóricas ou con outros elementos); ademais a puntuación das actividades non realizadas no día será de cero.

Avaliarase o progreso do proceso de aprendizaxe, incluíndo neste proceso todos os resultados acadados no traballo continuado de clase, os exercicios e traballos entregados no tempo estipulado ou os exames propostos ao longo do curso:

- Os traballos tutelados que carezan de calidade (aplicación dos coñecementos adquiridos, rigor técnico,...) e/ou presenten erros de sintaxe e ortografía serán cualificados negativamente.
- As actividades orais e escritas, como a presentación dos traballos tutelados, no caso de non realizarse ou de non ser presentadas na aula non serán cualificados. Igualmente non serán cualificados os traballos finais, colectivos ou individuais, se non se facilitan ao resto da aula.

O alumnado deberá realizar todos os traballos e exames establecidos ao longo do curso. A avaliación ordinaria



con valoración do progreso do proceso de aprendizaxe poderá incluír a realización de probas específicas (comprendendo esta os contidos teóricos e todos aqueles relacionados cos traballos ou lecturas realizados ao longo do curso e recollidos como parte da avaliación), ademais das probas e procedementos recollidos (descritos nos sistemas de avaliación).

A proba escrita, tanto da convocatoria ordinaria coma extraordinaria, constarán de 20 preguntas que poderán ser: de resposta breve, tipo test e resolución de casos. O valor mínimo alcanzado na proba/s escrita/s para facer media co resto de métodos de sistema de avaliación será de 4,5. De non chegar a esta nota, reflectirase na avaliación a nota alcanzada na proba escrita.

Os alumnos que non superaran a convocatoria ordinaria terán a posibilidade de presentarse á convocatoria extraordinaria.

No caso de perda de avaliación con valoración do progreso do proceso de aprendizaxe na convocatoria ordinaria por causas xustificadas, o departamento poderá establecer, unha vez estudado o caso, a posibilidade de probas ou traballos alternativos.

Na avaliación extraordinaria, o alumno terá que realizar unha proba escrita que poderá conter probas específicas cando se consideren necesarias para unha correcta avaliación. De ser o caso, de cara á avaliación extraordinaria proxectaranse nas titorías didácticas, ou previamente na aula, os procedementos de recuperación previos, alternativos ou complementarios á proba escrita desta convocatoria.

ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofrecerase atención personalizada ao alumnado durante todo o curso. As titorías serán presenciais no horario establecido, no despacho do profesor ou no taller, en horario de titoría, con previo acordo para establecer unha hora aproximada de atención e non xerar acumulo e minimizar o tempo de espera.

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA:

- CALVO MANUEL, A.: *Conservación y Restauración de pintura sobre lienzo*. Barcelona: Ediciones Del Serbal, 2002.
- CALVO MANUEL, A.: *Conservación y Restauración. Materiales, técnicas y procedimientos. De la A a la Z*. Barcelona: Ediciones Del Serbal, 1997.
- FUSTER LÓPEZ, L; CASTELL AGUSTI, M; GUEROLA BLAY, V. *El estuco en la restauración de pintura sobre lienzo. Criterios, materiales y procesos*. Valencia: Editorial UPV, 2008.
- MARTÍN REY, S. *Introducción a la conservación y restauración de pinturas: pintura sobre lienzo*, Valencia, Editorial UPV. 2005.
- MASSA V., SCICOLONE G. *Le vernici per il restauro. Ileganti*. Firenze: Nardini 1991.
- MUÑOZ VIÑAS, S., Osca Pons, J., Gironés Sarrió, I.: *Diccionario de Materiales de Restauración*. Madrid: Ediciones Akal, 2014.
- SÁNCHEZ ORTÍZ, A. *Restauración de obras de arte: pintura de caballete*. Madrid: Akal, 2012.
- VILLARQUIDE, A., *La pintura sobre tela I. Historiografía, técnicas y materiales*. SanSebastián: editorial Nerea, 2005.
- VILLARQUIDE, A., *La pintura sobre tela II. Alteraciones, materiales y tratamientos de restauración*. SanSebastián: editorial Nerea, 2005.

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA:

- CASAZZA, O.: *Il restauro pittorico, nell'unità metodologica*. Florencia: Nardini Editore, 2007.



- CTSeurope. *Catálogo generale*. Roma: CTS, 2014. Obtenido de: http://www.ctseurope.com/pdf/Catalogo_2014.pdf
- Stem. *Catálogo de productos*. Badalona: Stem, 2014. Obtenido de: <http://www.stem-museos.com/productes/resources/pdfs/stem-es.pdf>
- PASCUAL, E. PATINO, M.: *Restauración de Pintura*. Artes y oficios. Barcelona: Parramón, 2002.
- PLACIDO TORRESI, A. *I dipinti dell'ottocento e novecento*. Note sulla tecnica e sul restauro. London: Liberty House, 1990.
- VV AA. *Ciencia para los restauradores. Materiales, limpieza, adhesivos y recubrimientos*. London: Archetype Publications, 2012.

DIRECCIÓN WEB DE ORGANISMOS NACIONAIS E INTERNACIONAIS PARA A PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL:

- American Institute for Conservation of Historic and Artistic Works (AIC), Washington. <http://www.conservation-us.org/>
- Centro Internacional de Estudios para la Conservación y la Restauración de los Bienes Culturales (ICCROM), Roma. <https://www.iccrom.org/es>
- Consejo Internacional de Museos, París. <https://icom.museum/es/recursos/>
- Grupo Español de Conservación IIC, Madrid. www.ge-iic.com/index.php
- International Institute for Conservation of Historic and Artistic Works (IIC), London, <http://www.iiconservation.org/>
- Instituto del Patrimonio Cultural de España, Madrid. <https://ipce.culturaydeporte.gob.es/inicio.html>
- Instituto Superiore per la Conservazione e il Restauro (ICR), Roma. <http://www.icr.beniculturali.it/>
- Museo Nacional del Prado, Madrid. <https://www.museodelprado.es/>
- Notes de l'Institut canadien de conservation (ICC), Ottawa. <https://www.canada.ca/fr/institut-conservation/services/publications-conservation-preservation/notes-institut-canadien-conservation.html>
- Royal Institute for Cultural Heritage (IRPA), Bruxelles. <http://www.kikirpa.be/FR/>

OBSERVACIÓNS

. Non se permite o uso ou funcionamento de teléfonos móbiles nin ningún outro dispositivo (TIC,s) con capacidade de copia ou gravación, salvo consentimento expreso da docente.

. Non está permitida a gravación de imaxes nin son (Véxase: a *Ley orgánica 6/2006, de 3 de mayo, de Educación, Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales*, el *Reglamento General de Protección de Datos* e/ ou as leis de dereitos de autor).

. Na plataforma didáctica Moodle poderán consultarse as bases dos traballos de elaboración obrigatoria, materiais didácticos e documentación como: artigos de crítica e científicos. A mesma plataforma poderá ser a empregada para a entrega de traballos e a realización de probas, quedando a discreción da docente.

. A biblioteca da Escola conta con material bibliográfico específico sobre os contidos da materia, e con a maioría da bibliografía recomendada.